

A SITUACIÓN ECONÓMICA DE CUBA É DESASTROSA

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 6 febreiro 1998

Aceptado: 6 febreiro 1998

Neste caso, damos conta dunha forma de intervencionismo económico moi dura: a marxista-leninista de planificación central, de "ofensiva revolucionaria...". Este intervencionismo deu lugar a grandes fracasos nos países do bloque do leste e nos seus satélites. Mitterrand, en 1981, cando gañou as eleccións co programa común da esquerda e quixo aplicar unha política intervencionista dura de nacionalizacions, etc., a economía francesa sufriu un fondo revés, o que lle obrigou a unha drástica rectificación.

Cuba, despois do afundimento do muro, está tratando de pasar do marxismo-leninismo de planificación central ó marxismo-leninismo tropical e vaticanista de mercado amañado e controlado.

A finais de xaneiro de 1998, o Papa Xoán Paulo II realizou unha viaxe de cinco días a Cuba. O dictador Castro nada máis chega-lo Papa á illa, no mesmo aeroporto, para darrle a benvida e para aproveitar que numerosos medios de comunicación de todo o mundo estaban transmitindo o evento, fíxolle a Xoán Pablo II un canto das excelencias do seu réxime dictatorial. Lanzou un anatema contra o capitalismo mundial colonialista e superexplotador, liderado polos EE.UU., criticou duramente o colonialismo español e a igrexa inquisitorial... Non deixou titere capitalista con cabeza, non fixo a menor autocrítica do seu réxime e chegou a compara-los "revolucionarios cubanos" cos mártires cristiáns (ós que, ata hai moi pouco tempo perseguíra con saña na illa).

Castro e o seu réxime, que levaron a cabo unha forte persecución da igrexa durante a súa revolución, que declararon o seu réxime ateo e doutrinario de "pensamento" único marxista-leninista-fidelista, ante a moi grave situación económica da illa caribeña despois do afundimento do muro (a URSS e os países do leste "vendíalle" a Cuba a prezos políticos todo o que necesitaba), que con más de 10 millóns de habitantes ten no exilio a preto de dous millóns de cubanos e más de 600.000 pediron a visa para os EE.UU., foi pedirlle ó Papa que visitase a illa.

O dictador Castro e o seu réxime dictatorial, campións da propaganda, tratan así de mellora-la súa imaxe e conseguir máis divisas, esenciais para a súa supervivencia, para seguir tirando...

O dictador Castro pasou de considera-lo Papa como un axente máis do imperialismo capitalista, un dos seus principais lexitimadores, a consideralo o seu principal aliado na loita contra o imperialismo americano, contra o neoliberalismo, contra o *pensamento único*: o "novo" achado, o "novo Satán", o "novo fetiche ideoloxicista" —vellos e gastados tópicos con novos europeis— da "progresía internacional", a quen cargarlle tódalas culpas, catástrofes e calamidades, tódolos males habidos e por haber...

O Papa Xoán Paulo II visitou, tamén, a dictadura pinochetista de Chile (entre outras moitas), e foi unha peza importante no afundimento do comunismo marxista-leninista e estalinista realmente existente na Unión Soviética, Polonia e no resto dos países do leste.

No discurso de despedida, o dictador Castro volveu á carga co Papa diante e lembroulle a inquisición, volveu referirse ós brutais colonizadores españois, ás matanzas do capitalismo imperialista en Vietnam e noutras partes. Acaba de publicarse o libro colectivo de St. Courtois, N. Werth, J.L. Panné, A. Paczkoowski, K. Bartosek e J.L. Margolin: *Le Livre Noir du Communisme. Crimes, Terreurs, Répression* (R. Laffont, 1997) (*O libro negro do comunismo. Crimes, terrores, represión*). Neste libro dáse conta da eliminación de entre 65 e 100 millóns de persoas por diferentes réximes comunistas. Esta investigación, levada a cabo por recoñecidos investigadores universitarios franceses, situados na esquerda, levantou unha gran polémica en Francia e noutros países.

Cómpre lembrar que o réxime castrista, en plena perestroika, organizou un proceso público do máis puro estilo inquisitorial, da mellor factura estalinista, para eliminar, entre outros, ó heroe da guerra anticolonialista de Etiopía e Angola, ó xeneral Ochoa, a outros altos cargos como De la Guardia (a súa familia, da alta burguesía cubana, colaborou activamente e dende o principio coa revolución castrista), ós que mandou fusilar e de nada serviron a intercesión do Papa e doutros líderes para que non os matasen. A un irmán de De la Guardia e a outros inculpados condenounos a longas penas de cárcere.

Os dirixentes cubanos, fusilados e encarcerados polo réxime dictatorial castrista (que leva no poder 39 anos), foron acusados de tráfico de drogas co que o Goberno cubano conseguía divisas. Eses dirixentes estaban dispostos a promover un proceso de apertura en Cuba, no marco da perestroika soviética.

Amnistía Internacional protestou reiteradamente ante o réxime castrista, esixíndolle que liberase os presos políticos, que respectase os dereitos humanos... Amnistía Internacional de Santiago de Compostela en 1997 adoptou como preso de conciencia seu a un cubano economista, José Ángel Carrasco Velar, detido na illa como preso político por conceder unha entrevista a *Le Monde* e por edita-lo folleto *Verdad*; é dicir, por expresa-las súas ideas, defende-la democracia e os dereitos humanos, a liberdade de expresión e outros dereitos democráticos, o que en Cuba se considera "propaganda inimiga", "propaganda ilegal", "accións subversivas".

vas"... Este economista e enxeñeiro fora condenado a sete anos de cárcere. Este preso foi liberado, como outros, despois da visita do Papa. O dictador Castro ven mercadeando cos presos políticos que "libera graciosamente" despois da visita á illa ou da actuación dalgún alto dignatario; pero non abre Cuba ó mundo, non decreta unha completa amnistía nin recoñece os dereitos democráticos.

Co título "A situación económica de Cuba é desastrosa" publicaba *Le Monde* (o 23 de xaneiro de 1998) un esclarecedor artigo de Alain Abellard sobre a situación de Cuba, en pleno apoxeo da viaxe do Papa Xoán Paulo II á illa caribeña, que tivo lugar do 21 ó 15 de xaneiro de 1998.

Chama a atención que, tendo en conta o grande interese que xerou en España a viaxe do Papa a Cuba, o grande interese que hai en España pola situación de Cuba, os medios de comunicación españois e galegos en xeral (prensa, publicacións en xeral, radio, televisión), e especialmente os denominados de "calidade", incluídas as revistas especializadas, deran escasa información obxectiva, empírica, contrastada e comparativa no tempo da situación política e socioeconómica de Cuba: da situación de Cuba antes da revolución castrista e despois da revolución castrista; da súa situación antes da caída do Muro de Berlín e o derrubamento dos réximes comunistas do leste e da súa situación despois...

Para contribuír a unha maior e mellor información e debate, baseadas en análises fundadas sobre Cuba, incluímos un artigo de *Le Monde*, tendo en conta que en Galicia (e tamén en España), na universidade galega (e noutros medios) e, de forma especial na Facultade de Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, hai un grande interese pola situación, polo presente e polo futuro de Cuba.

O artigo titúllase "A situación económica de Cuba é desastrosa". E di así.

«*Un desastre*. Esta expresión utilizada por numerosos cubanos é sen dúbida, a máis apropiada para caracteriza-la situación económica do seu país. Se o crecemento do PIB en 1997, que foi do 2,5% fronte ó 7,8% de 1996, se este crecemento fose máis forte áinda, non chegaría para modifica-la economía xeral do país cubano.

Unha parte dos once millóns de cubanos sobreviven, mellor cós outros, gracias ó apoio de dous millóns de exiliados —preto do 20% da poboación— instalados principalmente nos EE.UU.¹ Dende xullo de 1993, da autorización de que os cubanos poidan ter dólares en Cuba e usalos nos seus intercambios económicos², as remesas dos emigrantes non deixan de aumentar. Estes dólares (mandados fundamentalmente desde Miami) permiten ós que os reciben non sufriren, áinda máis, o réxime de "período especial", instaurado en 1991, despois do afundimento do blo-

¹ N.T.: Fundamentalmente en Miami, pero non só.

² N.T.: Antes usábanse igual, pero no mercado negro, que o dominaba —e segue dominando— todo. Cando menos, agora, as autoridades cubanas, ante a catástrofe económica instalada na illa, ante o gran número de balseros que desafiaron as autoridades e se botaron en masa ó mar para fuxir do "paraíso socialista cubano do home novo" cara ó "imperio do mal", no lles quedou máis remedio que autorizalos de dereito.

que soviético. A contribución anual de Moscova e dos "países irmáns" á economía xeral de Cuba cifrábase, a finais dos anos 80, en preto de 6.000 millóns de dólares (da orde de 900.000 millóns de pesetas).

O volume total das remesas alcanzou a cifra de 800 millóns de dólares en 1997 (120.000 millóns de pesetas), segundo a Comisión Económica para América Latina (CEPAL). Economistas independentes avalían a contía destas remesas en máis de 1.000 millóns de dólares (máis de 150.000 millóns de pesetas). Pouco importa, de feito, que as remesas representen a máis importante fonte de riqueza en divisas do país. Estas remesas reportan a Cuba máis cós ingresos netos do turismo (a primeira actividade económica de Cuba) e que a industria azucreira (a segunda actividade económica). O goberno ofrece a estas remesas un réxime de favor exonerándoas de calquera tipo de imposto sobre os ingresos, nun momento no que o fisco cubano está á busca dos mínimos nichos de recursos creados pola dolarización da economía.

O turismo, cun crecemento de preto do 20% anual desde 1990, é o único sector que podería darlle a volta a este reparto de recursos. Pero o obxectivo das autoridades de pasar de 1,2 millóns de turistas en 1997 a 2 millóns no ano 2000 formula numerosos problemas. Esta apostila pola cantidade bate coa estructura do sector que funciona como unha colossal máquina de importacións (dous sectores: equipamentos e agroalimentario). Ademais, a marxe de benefícios conseguida debe compartirse coas sociedades estranxeiras que investiron masivamente nese sector. Por exemplo, un dólar neto de ingresos, conseguido no sector turismo, custa producilo un 40% máis ca un dólar neto de ingresos conseguido na industria azucreira.

Ningunha reforma de fondo

De feito, o Goberno cubano non efectuou ningunha reforma de fondo, susceptible de modifica-lo funcionamento estructuralmente deficitario da economía. Os mercados libres agroalimentarios non foron autorizados máis ca despois dunha longa resistencia dos duros do partido, baseada no respecto ós dogmas³.

³ N.T.: Nunha conferencia panfletaria e carente do mínimo rigor, dada no foro de debates do Clube Alén Nós, de Santiago de Compostela, por D. Luis Felipe Vázquez, cónsul de Cuba na Habana, sobre *A independencia de Cuba*, o xoves 29 de xaneiro de 1998, esta autoridade cubana confirmou esta dureza, na máis pura liña marxista-leninista-estalinista. Cun discurso belicista, militarista, fixo un canto completamente demagóxico á "democracia castrista" e unha crítica moi forte á "partitocracia". Despois de dicir que, a pesar da viaxe do Papa —que diante do dictador propuxo "que Cuba se abra ó mundo e que o mundo se abra a Cuba"— "Cuba non vai cambiar", o cónsul desexou que o comandante en xefe viva eternamente... O cónsul, como sucedía en España no franquismo onde moitos desexaban tamén que o dictador vivise eternamente, ante unha pregunta da sala crítica cara á dictadura castrista e cara á súa intervención, pediuille reiteradamente ó interpelante que dese o seu nome e apelidos. Este, despois de que o cónsul insistise moito, dixo que se chama Juan. A partir de aí, o cónsul referiuase a el despectivamente en numerosas ocasións chamándolle John, dicindo que "o seu nome debía de se-lo de John, en americano, pois dicía o mesmo cós imperialistas ianquis...". O presidente do Clube, moi oportunamente e dándolle unha lección de diplomacia, díxolle ó cónsul que o que moderaba a conferencia era el e que os asistentes á conferencia, nun país democrático, eran libres para dar ou non da-lo nome e os apelidos...

A pesar de que os mercados libres agroalimentarios existían en todos los países comunistas de Europa, estos no fueron autorizados (en Cuba) ata moi recentemente e o fixeron (as autoridades cubanas) forzadas, para paliar la grave penuria na que se afundiu o país en 1991. Os traballadores privados (restaurantes, taxis, reparadores, etc.) existen para reabsorbe-lo paro que afectou ás empresas estatais, a comezos dos anos 90. Estas empresas, que non fueron capaces de mante-la ficción do pleno emprego propia das economías socialistas,⁴ víronse forzadas a proceder a axustes de tipo "capitalista".

En calquera caso, ningunha das medidas adoptadas puxeron en causa os fundamentos do réxime e, ademais, non fueron previstas para facelo. O xefe de Estado, Fidel Castro, reafirmouno así con ocasión do último congreso do Partido Comunista. A primacía do Estado na definición dos obxectivos e medios da economía segue sendo a regra absoluta.

A única concesión, non podía ser doutra maneira, foi a de coloca-la eficacia no corazón do desenvolvemento do país e do seu aparato de produción, co risco de que esta exhortación se quede nun voto piadoso.

A industria azucreira ofrece un bo exemplo da ineficacia probada do latifundismo do Estado cubano. Segundo a Organización para a Agricultura e a Alimentación (FAO), o rendemento medio mundial da cana de azucré, de 1992 a 1994, foi de 60 toneladas por hectárea. En Cuba, esta cifra cae ás 34 toneladas por hectárea, a pesar de que este sector⁵ non sofre a reducción de medios imposta a causa do período especial. Nos anos 1995 e 1996, este sector recibiu preto de 600 millóns de dólares (90.000 millóns de ptas.) para financia-la súa actividade.

A cana de azucré é un sector heróico que veu combinando as masas populares nos campos coa mecanización industrial. Esta industria cubana sofre, máis que calquera outro sector, o non mantemento das terras, a falta de investigación sobre as plantas e unha lóxica industrial deficiente e obsoleta. As cifras da colleita de 1997 son, aínda, inferiores ás de 1996, que xa foran cualificadas daquela de "historicamente malas". Estes resultados afectan ó volume global da economía e ás condicións dos préstamos que Cuba negocia para finanziarse.

⁴ N.T.: Nunha viaxe a Cuba, nos hoteis de cinco estrelas, había, por poñer un entre moitos exemplos, tres empregadas nunha tenda do hotel que vendían o xornal *Granma* e dúas revistas máis. O *Hola* era un dos produtos más cotizados e disputados da illa, que os cubanos pedían ós turistas españoles...Na perruquería do hotel, ante unha cliente que lles dixo que quería lava-lo cabelo e face-la permanente, as empregadas dixerónlle que iso era moito trabalho, que o primeiro día lle lavarían a cabeza e o segundo lle farían o resto... Poderían seguir contándose exemplos coma este e máis graciosos e áfina más pintorescos, ata a saciedade. Nos hoteis, servindo como camareiros, había enxeñeiros electrónicos, industriais..., que se pasaran a este sector onde mellor podían facerse con dólares, acceder ós turistas que lles procuraban cousas..., despois de abandona-los sectores estratéxicos de industria pesada, etc. da "ofensiva revolucionaria", que se foron ó garete co afundimento do bloque soviético

⁵ N.T.: Considerado como estratéxico, como emblemático e con relación á cal, primeiro co Che e, despois, co resto dos líderes máximos empezando polo supremo, o comandante en xefe, lanzáronse "coleitas revolucionarias, exemplares, das vanguardas proletarias, campesiñas, intelectuais...", no marco da "ofensiva revolucionaria", que foron auténticos e sonoros fracasos.

A única e destacada medida tomada polas autoridades cubanas foi a de acordar grandes facilidades ás empresas estranxeiras, desexosas de investir ou de facerse cargo de certos sectores, como o turístico, as minas, etc. A dramática situación na que se viu a illa despois do afundimento do bloque soviético impuxo esta opción. A apertura ó investimento estranxeiro e ó turismo, a legalización da posesión e o uso dos dólares, a reapertura de mercados libres agrícolas ou a autorización de comerciantes independentes foron, así mesmo, medidas forzadas pola situación de emerxencia. Estas medidas non parecen inserirse nun plan global. Non dan paso a outro sistema, senón ó fin do anterior, completamente pechado, e que se puxo en marcha, baixo a plena dependencia da URSS, a partir de 1968 co lema "ofensiva revolucionaria".

Nas condicións actuais sería necesario un crecemento do 5%, cando menos durante cinco anos, para recuperalo nivel de 1989. En canto ó futuro do país, este está ligado a un grave problema que o Estado cubano silencia: o da débeda externa. Esta aumenta cada ano. En 1996, o déficit comercial alcanzaba a cifra de 1.700 millóns de dólares (255.000 millóns de ptas.), unha contía superior ó ingreso bruto por turismo do mesmo ano (1.300 millóns de dólares=195.000 millóns de ptas.). Ó importar dúas veces máis (en valor) do que exporta, Cuba agrava o seu déficit. A débeda acumulada da illa alcanza a cifra de 10.000 millóns de dólares (1,5 billóns de ptas.) con relación ós países occidentais e o residuo estimado da débeda cara a Rusia sería de 24.000 millóns de dólares" (3,6 billóns de ptas.)⁶.

Un factor diferencia a Cuba dos países subdesenvolvidos: o alto nivel de cualificación e de cultura da súa poboación⁷. Iso debería ser unha baza para o futuro, o día en que a política xeral de Cuba sexa outra».

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS SOBRE CUBA

A continuación, incluímos algunas referencias bibliográficas sobre Cuba, sobre o seu sistema, socioeconomía..., tratando de recoller diferentes puntos de vista, de enfoques en xogo.

⁶ N.T.: Non é de estrañar, así, que o cônsul de Cuba en Santiago de Compostela falase no terreo económico de non ter en conta os criterios do comercio internacional que rexen nos intercambios internacionais. O cônsul botaba en falta os tempos de comunismo soviético de bancarrota, nos que a URSS lle daba todo praticamente gratis, incluídos os fretes. Hai outros países de América Latina que pola súa boa xestión conseguiron, están conseguindo moi bos resultados económicos, mentres que outros pola súa mala, pola súa nefasta xestión conseguiron, están conseguindo pésimos resultados. Claro que sempre é cómodo ter unha "víctima expiatoria", un "maniqueo", un "alibi"... ó que atribuírlle tódalas culpas, cargarlle o morto. En economía non hai que analizar só os factores esóxenos, con ser estes importantes, hai que analizar tamén os factores endóxenos e ver en qué medida as cousas van como van pola propia e mala xestión de cada quen.

⁷ N.T: Que xa o era, en termos comparativos en relación co resto dos países de América latina e, incluso, con España, nos anos 50.

♦ Sobre Cuba a finais do 97:

Papers. Revista de Sociología, núm. 52, 1997, da Universidade Autónoma de Barcelona, publicaba o número monográfico co título "Estructura social de Cuba", coordinado por J. Busquets (Universidade Autónoma de Barcelona), Enel González Pastrana (Universidade da Habana), Oneida Álvarez (Universidade da Habana), Eduardo Torres Cuevas (Universidade da Habana) e Manuel Iglesia Caruncho (Axencia Española de Cooperación Internacional).

A *Revista Galega de Economía* (RGE), da Facultade de Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, publicaba sobre a economía cubana os seguintes artigos: R. Remedios (Departamento de Desenvolvimento Económico da Facultade de Economía da Habana, bolseiro na Facultade de Economía de Santiago de Compostela) e M. Tato: "A agroindustria alimentaria cubana. A súa importancia nas finanzas internas e externas", *RGE*, 1995, vol. 4, núm. 1-2, pp. 71-82; F. García Fernández (Departamento de Desenvolvimento Económico da Facultade de Economía da Habana, bolseiro na Facultade de Economía de Santiago de Compostela) e A.L. Domínguez Jardines (Departamento de Ciencias Sociais-Instituto Superior de Arte da Habana, bolseira na Facultade de Economía da Universidade de Santiago de Compostela): "Crise, política económica e reestructuración en Cuba", *RGE*, 1995 vol. 4, núm. 1-2, pp. 83-94; F. García Fernández, "Políticas instrumentadas para a reinserción internacional da economía cubana: unha análise crítica", *RGE*, 1996, vol. 5, núm. 1, pp. 265-284.

♦ Sobre a situación socioeconómica de Cuba e outros moitos aspectos, facilitamos tamén as seguintes referencias:

ÁGUILA, J.M. DEL (1988): *Cuba: Dilemmas of a Revolution*. Colorado/Londres: Westview Press

AGUIRRE, M.A.: *E. "Che" Guevara: aspectos políticos y económicos de sus pensamientos*. Bogotá: La Oveja Negra. Do mesmo autor: *El socialismo y el hombre en Cuba*. Anagrama, 1972. [Con motivo da aparición dos restos mortais do Che Guevara en Bolivia e o seu traslado a Cuba, publicáronse varias biografías en 1997, que se engaden ás numerosas publicacións sobre este mito, a saber: P.I. Taibo II: *Ernesto Guevara, también conocido como el Che*. Planeta; J.G. Castañeda [profesor da Universidade de México]: *La vida en rojo. Una biografía del Che Guevara*; P. Kalfon: *Che, Ernesto Guevara una leyenda de nuestro siglo...* Poderían sinalarse tamén: H.D. Rodríguez: *Che Guevara, ¿aventura o revolución?* Plaza y Janés; H.D. Rodríguez (1974): Guevara, Ch. Bettelheim, *El debate cubano sobre el fundamento da ley del valor en el socialismo*, (pról. de J.M. Vidal-Villa). Laia. [Con este tipo de análises económicas completamente ideoloxistas, tan de moda nos anos 60, 70... entre a "progresía" universitaria, intelectual..., que deron uns resultados completamente desastrosos en Cuba, en China (revolución cultural), en Albania, en Camboxa..., pódense comproba-los perigos sociais que supoñen os fundamentalismos políticos e ideolóxicos, os iluminismos, os visionarismos vanguardistas, os voluntarismos sen a mínima base económica. Pero dos que, sen embargo, se beneficiaron as novas clases dominantes, as novas "nomenclaturas", os seus grupos de apoio, circuitos e socios exteriores individuais e colectivos. A *Revista de libros* de febreiro de 1998, inclúe o excelente artigo

- de R. Gott, traducido da revista *London Review of Books* (1997), "Las costillas del rinoce-ronte. Las nueve vidas (o así) de Che Guevara", onde este xornalista inglés, que coñeceu ó Che en Cuba e que foi un dos primeiros en ve-lo seu cadáver en Bolivia, en revelar a implicación da CIA na súa execución, analiza polo miúdo as biografías do Che publicadas por "Benigno", Jon Lee Anderson e as xa citadas de Castañeda, Taibo II e Kalton, ademais de dar datos dun gran interese e de inclufr outras publicacións ó respecto. *Le Nouvel Observateur*, núm. 1717, (2-8/10/97) inclúe un monográfico co título "L'Amérique Latine de la Guérille à l'Ultralibéralisme. Le Rêve Fracassé de Che Guevara", que inclue artigos de A. Touraine, H. Bussi-Allende, unha entrevista a "Benigno" e referencias bibliográficas sobre o Che: A. Debray (1996): *La Guerrilla du Che ou Cuba e América Latina*.
- ALARCÓN RAMÍREZ, D. "BENIGNO" (1997): *Vida y muerte da revolución cubana*. [Prólogo de Regis Debray]. [Daniel Alarcón Ramírez, "Benigno", este campesiño "guajiro" cubano publicou inicialmente en francés a súa obra na editorial Fayard, en 1996. "Benigno" é un histórico da revolución cubana, que estivo co Che Guevara en Bolivia e que, con máis de 65 anos, se exiliou a Francia. Foi traducida ó español]. Véxanse, tamén, de este autor: *Les Survivants du Che*. Le Rocher, 1997, *Le Che en Bolivie*. Le Rocher, 1997.
- ALPHANDERY, J.J. (1972): *Cuba, l'Autre Révolution, 12 Ans d'Économie Socialiste*. Eds. Sociales (do Partido Comunista Francés).
- ARENAS, R. (1996): *Antes que anochezca*. Tusquets. [Trátase da impresionante biografía do escritor cubano Reinaldo Arenas, saudada internacionalmente como un grande acontecemento literario, biográfico, testemuñal... que, en parte, foi escrita cando sabía que estaba afectado pola SIDA. Arenas viuse forzado a exiliarse e nesta obra conta a represión política, económica, laboral, cultural, artística, literaria, policial, existencial..., aplicada polo réxime castrista e que el sufriu nas súas carnes. Arenas conta cómo a dictadura castrista seguía cos escritores —e outros moitos cubanos— os procedementos aplicados pola represión estalinista soviética do leste, das torturas, da represión sexual, da confiscación dos orixinais...]. Sobre este autor O. Ette [ed.] (1996): *La escritura de la memoria: Reinaldo Arenas. Textos, estudios y documentación*. Iberoamericana.
- GRUPO AREITO (1978): *Contra viento y marea: jóvenes cubanos hablan desde su exilio en EE.UU. Siglo XXI*.
- AROCA, S. (1992): *Fidel Castro. El final del camino*. Barcelona: Librería México FCE.
- BAHAMONDE, A. (1992): *Hacer las américa: las élites coloniales españolas en el siglo XIX*. Alianza.
- BALARI, E. (1993): *Cuba ¿la revolución acosada?: entrevista con Ana Cecilia Oliva*. FCE.
- BATISTA Y ZALDÍVAR, F. (1960): *Respuesta*. Botas.
- BATISTA Y ZALDÍVAR, F. (1961): *Piedras y leyes*. México: Botas.
- BATISTA Y ZALDÍVAR, F. (1963): *Paradojas*. México: Botas. [Estas tres son obras do dictador Fulgencio Batista, o sárqueno que se converteu en dictador cubano e que foi derrocado —fuxiu da illa ante a ofensiva guerrilleira e ó deixar de contar co apoio dos EE.UU.— por Castro, Che Guevara, Camilo Cienfuegos... e os guerrilleiros ó seu mando].
- BETTO, F. (1994): *Fidel y la religión*. Cuba: Librería México, FCE.
- BOLAND, B. (1995): "Dinámica de la población y desarrollo en el Caribe", *Pensamiento Económico. Revista de Economía Política*, núm. monográfico sobre "Población y desarrollo", núm. 27, pp. 57-113. [Este traballo inclúe numerosos datos comparativos sobre

Cuba no contexto caribeño. Unha visión deste traballo de Barbara Boland, publicado na revista de economía dirixida por Sunkel e lanzada dende Latinoamérica e España, na que colaboran prestixiosos economistas e especialistas en ciencias sociais de Latinoamérica e España, foi elaborado para a Reunión de expertos gobernamentais sobre poboación e desenvolvemento en América latina e o Caribe, que tivo lugar en Santa Lucía do 6 ó 9 de outubro de 1992].

BRUCKNER, P. (1995): *La Tentation de l'Innocence*. Grasset. [Neste libro, Bruckner, coñcido e novo filósofo e escritor francés —traducido ó castelán: *La tentación da inocencia*. Anagrama— fai unha crítica fundada do victimismo social, do infantilismo, da irresponsabilidade dos "progres" varios que culpan sempre ós outros, ás estructuras, ó sistema..., no desenvolvemento nos seus estudos "revolucionarios", "transformadores", sobre o "terciromundismo", "cuartomundismo"...).

BRZEZINSKI, Z. (1997): *Le Grand Echiquier. L'Amerique et le Reste du Monde*. Bayard.

CARDONA, G.; LOSADA, J.C. (1997): *Weiler, nuestro hombre en La Habana*. Planeta.

CARRANZA VALDÉS, J. E OUTROS (1995): *Cuba, la reestructuración da economía*. Madrid: IEPALA. La Habana: Ciencias Sociales.

CASTRO, F. (1974): *Imperialismo, tercer mundo y revolución*. Anagrama.

CASTRO, F. (1988): *Habla Fidel*. Buenos Aires: Sudamericana.

CASTRO, F. (1989): *Fidel, unha conversación en La Habana*. Aguilar. [Entrevista co escritor galego Alfredo Conde, que tivo lugar con motivo da viaxe a Cuba de Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia. Esta entrevista pasouse tamén pola televisión].

CASTRO, F. (1990): *Fidel en Brasil*. La Habana: Política.

CASTRO, F. (1990): *Rectificación, selección temática*. Política.

CASTRO, F. (1992): "Mensaxe de Fidel Castro ó Cumio da Terra", *A Trabe de Ouro*, t. 3, ano 3, núm. 11, (xullo-agosto-setembro), pp. 351-383.

CASTRO, F. (1994): *Un grao de millo: conversa con Tomás Borge*. Asociación de Solidariedade Galega-Cubana "Curros Enríquez".

Castro, F. (1996): *Por un mundo de paz, justicia y dignidad. Discursos en conferencias cumbre 1991-1996*. La Habana: Consejo del Estado, Oficina de Publicaciones.

CASTRO, F.; D'ESTEFANO PISANI, M. E OUTROS (1994): *Fidel y el tercer mundo*. Centro de Estudios sobre Asia y Oceanía.

CASTRO, R., CHE GUEVARA (1990): *Diarios inéditos da guerrilha cubana: dezembro de 1956-febreiro 57*. Lisboa: Noticias.

Causa N° 1: Fin de la conexión cubana. La Habana: Plus / José Martí. 1989.

CARNOY, M.; WERTHEIN, J.: *Cuba: Economic Change and Educational Reform 1955-1974*.

CEA (1995): *Los consejos populares, la gestión de desarrollo y la participación popular en Cuba*. La Habana: Taller.

CENTENO, M.A.; FONT, M. [ed.] (1997): *Toward a New Cuba?: Legacies of a Revolution*. Boulder: Lynne Rienner.

CEPAL (1975): *Interpretaciones sociológicas y sociopolíticas del desarrollo de América latina, bibliografía de 25 años*, 2 vol. Washington: Nacions Unidas. Santiago de Chile: CEPAL.

COBAS, J. (1995): *Los cubanos en Puerto Rico: economía étnica e identidad cultural*. Universidad de Puerto Rico.

- COMITÉ NACIONAL PREPARATORIO (1996): "Informe nacional de Cuba a la conferencia mundial de Naciones Unidas para los asentamientos humanos", *Hábitat II en Estambul*. La Habana.
- CONSELLO DA CULTURA DE GALEGA; UNIVERSIDADE DE VIGO (1998): *Congreso sobre o centenario da independencia de Cuba, o 98 e as súas represións cubano-hispano-galaicas*. [O Consello da Cultura de Galicia publicou traballos sobre a emigración galega en Cuba].
- CORNIDE, R. (1947): *Cuba y Galicia: estudio sobre la influencia de los gallegos en Cuba*. La Habana: Arquimbau.
- COYULA COWLEY, M. (1997): "Cuba, ambiente, población y desarrollo en un mundo en urbanización", *Revista Interamericana de Planificación, Cuenca-Ecuador*, núm. monográfico "¿Quién hace las ciudades?", vol. XXIX, núm. 115-116, (xullo-decembro), pp. 33-63. [Contén bibliografía do que se fai en Cuba, segundo o autor, neste sentido].
- "Cuba en la encrucijada", *Cuadernos del Este*, (Revista da Universidade Complutense), núm. monográfico dedicado ó estudio dos países do leste, núm. 6. 1992.
- "Cuba et la France", *Colloque de Bordeaux*. FUB. 1983.
- DAMIAN, D.; CHAUDHURI, B.; BERTHAUD, P. (1997): "La Libéralisation des Échanges est-elle une Chance pour le Développement Durable?", *Revue Tiers Monde*, t. XXXVIII, núm. 150, (abril-xuño), pp. 427-447. [Esta revista en cada número fai unha recensión por materias que inclúe América Latina, sobre os traballos publicados mensualmente en Francia sobre o desenvolvemento].
- DANIEL, J. [dir.] (1996): *Les îles Caraïbes. Modèles Politiques et Stratégies de Développement*. Karthala, CRPLC.
